



Estimadas familias:

Dende a Concellería de Educación e Difusión do coñecemento de Lugo continuamos co proxecto piloto de vieiros escolares seguros “Camiño ás aulas”.

Para que o facemos:

Somos conscientes dos problemas que se xeran no entorno dos centros escolares vinculados co traxecto ao colexio en coche: por unha banda problemas de tráfico, dado o elevado número de vehículos que se xuntan nun curto espazo de tempo; por outra parte o incremento do sedentarismo en idades máis temperás. Non menos importante é a conciliación, coincidindo en moitos casos a hora de entrada das crianzas no colexio co horario laboral, o que xera estrés nos adultos, que rapidamente se traslada ás nenas e nenos.

Que facemos:

Como ben teredes observado, nos últimos tempos puxemos no entorno dos colexios medidas destinadas ao calmado do tráfico, para así mellorar a accesibilidade e a seguridade das persoas que camiñan. No voso centro en concreto, executouse a peonalización nunha parte da rúa Gallego Tato, quedando á vosa disposición unha zona segura e agradable á porta do colexio.

Nesta segunda parte que iniciamos no final do curso pasado, e agora retomamos, imos incentivar que as nenas e nenos utilicen eses camiños, para o que proporcionaremos monitoraxe de acompañamento nunha ruta con saída en **R/ Manuel María** (xunto o aparcamento disuasorio) ás **8:30**, baixada por esa mesma rúa ata a **Avenida da Coruña** (esquina farmacia lavandeira) ás **8:40**, para continuar por esta ata o **Bouledar Norte** ás **8:50**, subindo por este e pola R/ Lavandeira e chegando ao centro pola parte alta de Gallego Tato. Os puntos de quedada, os traxectos e as paradas no camiño acomodaranse un pouco en función da demanda, podendo variar mínimamente, sobre todo os primeiros días. Esta ruta de acompañamento comezará o día **25 de setembro**.

Quen pode participar:

O proxecto destinarase a nenas e nenos de **primaria que sexan suficientemente maduras/os para respetar as indicacións do monitoraxe** e farase para os **traxectos de chegada ao colexio**. Se este alumnado ten **irmáns máis pequenos**, pero suficientemente autónomos, tamén poderán participar.

Deste proxecto tamén poder facer parte nais e pais que queiran facerse acompañantes e cambiar o vehículo particular polo hábito de camiñar.

Para participar haberá que estar no punto de encontro á hora fixada contando coa vestimenta e calzado axeitado para a camiñata, tendo en conta as condicións climáticas de cada día.

Asinado: Felipe Rivas Jorge  
Concelleiro Educación e Difusión do coñecemento